

**Acta da reunión do Consello de Departamento****ASISTENTES**

Anido Rifón, Luis E.  
Blanco Fernández, Yolanda  
Burguillo Rial, Juan C.  
Caeiro Rodríguez, Manuel  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Iglesias, Manuel J.  
Fernández Veiga, Manuel  
Fernández Vilas, Ana  
García Duque, Jorge  
Gil Castiñeira, Felipe  
Gil Solla, Alberto  
Herrería Alonso, Sergio  
Llamas Nistal, Martín  
López Ardao, José C.  
López Bravo, Cristina  
López García, Cándido A.  
López Nores, Martín  
Mikic Fonte, Fernando A.  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Sousa Vieira, María Estrella

Fondo Ferreiro, Pablo  
Liz Domínguez, Martín

**ESCUSAN ASISTENCIA**

Álvarez Sabucedo, Luis M.  
Costa Montenegro, Enrique  
Rodríguez Hernández, Pedro S.

Pacheco Lorenzo, Moisés

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 6 de outubro de 2021, convocada para as 13:00 horas en primeira convocatoria e para as 13:30 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 1 do Campus Remoto da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 6 de outubro de 2021 ás 13:39 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 1 de setembro de 2021.

2. Informe do Director.

O Director informa que xa pediu autorización ao reitorado para convocar eleccións, as cales se celebrarán mediante o procedemento de convocar un consello de departamento virtual, para posteriormente abrirse un período de votación presencial. Tamén comenta que a directora do centro solicitoulle o nomeamento de dous membros do departamento para formar parte dun comité encargado do plan de estudos do grao e o mestrado, e que se hai alguén interesado en formar parte do devandito comité se póna en contacto con el. Por último, o director quere felicitar a aqueles que obtiveron as prazas de profesor ás que se presentaron recentemente e dar ánimos ao profesor Luís M. Álvarez Sabucedo, pendente aínda de obtela.

3. Aprobación, se procede, de cambios no POD por mor da matrícula real de alumnado.

O profesor Manuel Fernández Veiga solicita que se expliquen de maneira detallada os cambios no POD, cosa que fai o Subdirector. Posteriormente iníciase un pequeno debate no cal o profesor Manuel Fernández Veiga expresa o seu desacordo co procedemento que o departamento vén levando a cabo neste tipo de casos de axuste de grupos de docencia, solicitando que os profesores das materias que perdan grupos, e por tanto horas de docencia, recupérenas en próximos cursos. O director abre unha quenda de palabra para que fagan uso dela aqueles membros do departamento que estean de acordo coa opinión do profesor Manuel Fernández Veiga. Non hai intervencións. O Director comprométese a trasladar este tema á nova dirección entrante do departamento para o seu estudo. Apróbase o cambio de grupos que se reflicte a continuación:

- Perden grupos C:
  - Servizos Multimedia: Pasa de 3 grupos a 2 grupos.
  - Arquitecturas e Servizos Telemáticos: Pasa de 7 grupos a 5 grupos.
- Gañan grupos C:
  - Redes Multimedia: Pasa de 5 grupos a 6 grupos.
  - Teoría de Redes e Conmutación: Pasa de 5 grupos a 7 grupos.

4. Aprobación, se procede, dun permiso de máis de 15 días solicitado por Moisés Pacheco Lorenzo.

Apróbase, por asentimento.

5. Rogos e preguntas.

O profesor Manuel Fernández Veiga roga que se poña a disposición dos membros do consello de departamento a información necesaria para o mesmo. O Director pide desculpas por non facelo para o presente consello e recolle o rogo para futuros consellos de departamento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:56 do día 6 de outubro de 2021, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Alberto Gil Solla

Dr. D. Fernando A. Mikic Fonte